



CIRCULAR 34-2018.- CONVOCATORIA DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLTA POLOS NÚCLEOS OFICIAIS DE TECNIFICACIÓN DA FGA 2016/2017

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

- DIRIXIDA A:**
- Os Núcleos de Alto Rendemento Atlético (NARA)
 - Os Núcleos de Iniciación e Tecnificación Atletica (NITA)
 - Os Núcleos Sectoriais Atléticos (NUSA)
 - Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 2 (NIBA 2)
 - Os Núcleos de Iniciación Básica Atlética 1 (NIBA 1)

Ábrese un prazo para que todos aqueles núcleos de tecnificación recoñecidos oficialmente pola FGA na tempada 2016/17 remitan por **correo ordinario** toda a actividade desenvolta polo seu núcleo dende o día 1 de novembro do 2016 ata o día 31 de outubro do 2017.

Tódolos núcleos deben remitir a maior información posible sobre os distintos aspectos contemplados no Plan Galego de Tecnificación: concentracións, seguimento de atletas, reunións de sectores, competicións, colaboración ca FGA, xornadas técnicas, etc.; segundo o modelo do anexo desta circular. **O Prazo de presentación remata o 30 de abril.**

Unha vez recibida toda a documentación, a Comisión de Valoración de Núcleos de Tecnificación, presidida pola Directora Técnica, baremará cada núcleo co fin de asinar a cuantía económica acadada.

A Comisión non avaliará os apartados que non estén debidamente cumprimentados.

O representante do núcleo debe remitir por correo ordinario á FGA o modelo de certificado que se achega nesta circular e cada unha das follas do documento de Excel, asinadas individualmente e cubertas na súa totalidade.

Dolores Rojas Suárez
Secretaria Xeral da FGA




A Coruña, 12 de abril de 2018



CERTIFICADO DO REPRESENTANTE DO NÚCLEO

D./ D^a., como responsable do Núcleo da localidade, recoñecido oficialmente pola Xunta Directiva da FGA,

CERTIFICA:

Que os datos do Núcleo presentados para a súa baremación por parte da FGA, correspondentes á tempada 2016/17, son verídicos, asumindo que a falsedade dos datos implicará a perda da cantía económica a percibir.

Asdo.

O representante do núcleo

Ena.....de.....do 2018

Nota: No caso de que o núcleo sufrise modificacións na súa composición técnica (adestradores, directivos, etc.) con respecto á presentada na tempada 2016/17 débese notificar á FGA.